

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11064 *Lei 20/2014, do 29 de outubro, pola que se delega no Goberno a potestade de ditar diversos textos refundidos, en virtude do establecido no artigo 82 e seguintes da Constitución española.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A Constitución, dentro do capítulo dedicado á elaboración das leis, permítelles ás Cortes Xerais delegar no Goberno, en determinados supostos, a potestade de ditar normas con rango de lei. Esta delegación realizarase por lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos nun só.

O informe elaborado pola Comisión para a Reforma das Administracións Públicas considera necesaria a aprobación dunha lei ordinaria que habilite o Goberno para elaborar os textos refundidos en relación con aquelas leis que, tras seren modificadas en numerosas ocasións, destacan pola súa relevancia nunha área de actividade específica.

A necesidade de elaborar textos refundidos xa a contiña o informe da OCDE sobre a xestión e racionalización da regulación existente en España do ano 2000, onde se sinalaba que a revisión dos marcos lexislativos non era sistemática e que na tradición legal non existían ferramentas como as revisións periódicas finais obrigatorias ou a fixación de datas de caducidade.

O seguinte informe de 2010 sobre a mesma materia sinalaba que a simplificación en España é difícil de lograr e que isto socavaba o doado acceso ao ordenamento xurídico, o que incidía na claridade e na seguridade.

A estes factores hai que engadir outro, derivado da especial situación que se viviu en España nos últimos anos, na cal a urxente necesidade de adoptar importantes medidas, especialmente no ámbito económico, obrigou a lexislar utilizando en numerosas ocasións a figura do real decreto lei, mediante o cal se modificaban leis existentes no dereito positivo español.

Loxicamente, toda esta armazón normativa non fai senón incrementar os custos regulatorios dos cidadáns e empresas, e incrementa a carga administrativa sobre estas.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, contén un proxecto de revisión, simplificación e unha consolidación normativa dos ordenamentos xurídicos de todas as administracións públicas, para o que se deberán efectuar os correspondentes estudos, derrogar as normas que queden obsoletas e determinar, se é o caso, a necesidade de introducir modificacións, novidades ou propor a elaboración dun texto refundido, de conformidade coas previsións constitucionais e legais sobre competencia e procedemento que se debe seguir, segundo o rango das normas que queden afectadas.

Ante a necesidade de abordar canto antes este proceso de consolidación legal, a Comisión para a Reforma das Administracións Públicas solicitoulles aos distintos ministerios unha relación de leis da súa área que cumprisen unha dobre condición, por un lado, a súa relevancia para a área de actividade respectiva, e por outro lado, ter sido modificadas en numerosas ocasións, incorporando, ademais, outras disposicións complementarias aos ditos textos.

Todo iso co fin de impulsar canto antes no ámbito da Administración xeral do Estado a elaboración de textos refundidos sobre as citadas materias.

Despois de recibir esta información dos ministerios e despois de ser establecida unha orde de prelación atendendo ao seu maior ou menor impacto sobre cidadáns e empresas, a presente lei ten por obxecto habilitar o Goberno para elaborar diversos textos refundidos.

É necesario ter en conta que esta lei non inclúe a autorización para refundir determinados textos legais, aínda que a súa refundición se considera necesaria, cando os departamentos a que concirne xa impulsaron ou están a impulsar anteproxectos de leis específicas que, ademais de modificar o réxime vixente, procederán nun futuro próximo a esa refundición.

Artigo un. *Autorización para o refundición de textos legais.*

Autorízase o Goberno para aprobar, no prazo de doce meses a partir da entrada en vigor desta lei, textos refundidos en que se integren, debidamente regularizadas, aclaradas e harmonizadas, as leis e demais normas que se enumeran a continuación, así como as normas con rango de lei que as modificaron e as que, afectando o seu ámbito material, poidan, se é o caso, promulgarse antes da aprobación polo Consello de Ministros dos textos refundidos que procedan e así se previse nelas:

a) Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. Así mesmo, incluíranse no texto refundido a que se refire esta letra as disposicións legais relativas aos mercados de valores, debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas, que a continuación indican:

As disposicións adicionais terceira e décimo cuarta e as disposicións transitorias primeira, segunda, quinta e sexta da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

A disposición adicional terceira da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

As disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e cuarta e as disposicións transitorias primeira, segunda e sexta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

A disposición adicional terceira da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

A disposición adicional da Lei 6/2007, do 12 de abril, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

As disposicións derradeiras primeira, segunda e cuarta da Lei 32/2011, do 4 de outubro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

A disposición adicional décimo terceira da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.

b) Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal. Así mesmo, incluíranse no texto refundido a que se refire esta letra as disposicións legais relativas ás empresas de traballo temporal, debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas, que a continuación se indican:

A disposición transitoria primeira da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

A disposición adicional quinta da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

c) Texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño. Así mesmo, incluíranse no texto refundido a

que se refire esta letra, debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas, as disposicións legais que a continuación se indican:

Os artigos 30 e 31 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Os artigos 69 e 77 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

O artigo 21 da Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais.

A disposición adicional décimo quinta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A Lei 47/1998, do 23 de decembro, pola que se ditan regras para o recoñecemento da xubilación anticipada do sistema da Seguridade Social, en determinados casos especiais.

Os artigos 29 e 30 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

O artigo 26 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A disposición adicional sexta da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.

O artigo 4, a disposición adicional segunda e a disposición transitoria segunda da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.

A Lei 28/2003, do 29 de setembro, reguladora do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

A disposición adicional quincuaxésimo oitava da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006.

A disposición adicional cuarta da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.

O artigo 2 da Lei 37/2006, do 7 de decembro, relativa á inclusión no réxime xeral da Seguridade Social e á extensión da protección por desemprego a determinados cargos públicos e sindicais.

A Lei 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

As disposicións adicionais quinta, novena, décimo cuarta e vixésimo sétima da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguridade social.

A disposición adicional décimo quinta da Lei 27/2009, do 30 de decembro, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas.

A Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

A disposición adicional terceira da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.

O artigo 20 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

O artigo 5 do Real decreto lei 5/2011, do 29 de abril, de medidas para a regularización e control do emprego somerxido e fomento da rehabilitación de vivendas.

As disposicións adicionais décimo quinta, trixésimo terceira, trixésimo novena, cuadraxésimo primeira, cuadraxésimo sexta, cuadraxésimo sétima e quincuaxésimo segunda e a disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

A Lei 28/2011, do 22 de setembro, pola que se procede á integración do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime xeral da Seguridade Social.

A disposición adicional oitava do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

A disposición adicional segunda do Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, de mellora de xestión e protección social no sistema especial de empregados de fogar e outras medidas de carácter económico e social.

O capítulo I e a disposición adicional primeira do Real decreto lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo.

A disposición adicional segunda do Real decreto lei 16/2013, do 20 de decembro, de medidas para favorecer a contratación estable e mellorar a empregabilidade dos traballadores.

O capítulo I, as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e cuarta e a disposición derradeira quinta da Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social.

d) Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo. Así mesmo, inclúranse no texto refundido a que se refire esta letra as disposicións legais en relación cos preceptos do Estatuto dos traballadores, debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas, que a continuación se indican:

As disposicións adicionais cuarta e quinta e a disposición transitoria segunda da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.

O artigo 39 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

O artigo 20.3 e a disposición adicional primeira da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

A disposición adicional primeira da Lei 22/2005, do 18 de novembro, pola que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas comunitarias en materia de fiscalidade de produtos enerxéticos e electricidade e do réxime fiscal común aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, e se regula o réxime fiscal das achegas transfronteirizas a fondos de pensións no ámbito da Unión Europea.

A disposición adicional oitava da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A disposición adicional sétima e a disposición transitoria segunda da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

A disposición derradeira segunda da Lei 9/2009, do 6 de outubro, de ampliación da duración do permiso de paternidade nos casos de nacemento, adopción ou acollida.

As disposicións adicionais primeira e terceira e as disposicións transitorias primeira, segunda e décimo segunda da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.

O artigo 5, a disposición adicional quinta e as disposicións transitorias primeira e segunda do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego da mocidade, o fomento da estabilidade no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.

As disposicións do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, referentes á relación laboral especial dos estibadores portuarios.

O artigo 17, as disposicións adicionais sexta e novena, e as disposicións transitorias quinta, sexta, novena, décima e décimo quinta da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

A disposición transitoria sétima do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

A disposición adicional sexta do Real decreto lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo.

A disposición transitoria única do Real decreto lei 16/2013, do 20 de decembro, de medidas para favorecer a contratación estable e mellorar a empregabilidade dos traballadores.

A disposición transitoria segunda da Lei 1/2014, do 28 de febreiro, para a protección dos traballadores a tempo parcial e outras medidas urxentes na orde económica e social.

e) Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Así mesmo, inclúiranse no texto refundido a que se refire esta letra as disposicións legais relativas á prevención de riscos laborais, debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas, que a continuación indican:

O artigo 10 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

A disposición adicional décimo terceira da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.

f) Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego. Así mesmo, inclúiranse no texto refundido a que se refire esta letra as disposicións legais relacionadas cos preceptos da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas, que a continuación se indican:

As disposicións adicionais sexta e décimo sétima da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.

A disposición adicional primeira, o último parágrafo da disposición transitoria segunda e a disposición derradeira primeira do Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego.

A disposición adicional décimo quinta da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

g) Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e as disposicións en materia de réxime xurídico do emprego público contidas en normas con rango de lei que a modifícasen.

h) Texto refundido da Lei do solo, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño. Así mesmo, inclúiranse no texto refundido a que se refire esta letra, debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas, as disposicións que a continuación se indican:

Os artigos 1 ao 19, as disposicións adicionais primeira a cuarta, as disposicións transitorias primeira e segunda e as disposicións derradeiras décimo segunda e décimo oitava, así como as disposicións derradeiras décimo novena e a disposición derogatoria, na medida que se refiran a algún dos preceptos citados, todas elas da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

Artigo dous. *Requirimento de derogacións expresas.*

Os reais decretos legislativos que se diten de acordo coa presente lei inclúirán a derogación expresa das normas que fosen obxecto de refundición, así como daquelas disposicións regulamentarias ditadas en aplicación e desenvolvemento destas que resulten incompatibles coa refundición efectuada.

Disposición adicional única. *Control adicional do Congreso dos Deputados.*

De conformidade co establecido no artigo 82.6 da Constitución, o Congreso dos Deputados exercerá o control adicional da lexislación delegada na presente lei, nos termos previstos no Regulamento da Cámara.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de outubro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY